



CONCELLO DE REDONDELA

**ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
VILAR DE INFESTA
23 DE FEBREIRO DE 2016**

ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación da acta anterior.
- 2.- Actuacións na parroquia.
- 3.- Modificación do regulamento dos consellos parroquiais.
- 4.- Proxecto de compostaxe.
- 5.- Nomeamento representante da parroquia para PXOM.
- 6.- Varios.

No Centro Cultural de Vilar de Infesta, sendo ás vinte horas, do día vintetrés de febreiro de dous mil dezaseis, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes :

- José Carlos Garcia Taibo, representante do PSdeG-PSOE
- María Carmen González Monteiro, representante do PP
- Xavier Balsas Barbeira, representante do BNG
- Rubén Costas Fernández, representantes de AER
- Manuel Davila Garcia, representante das asociacións de veciños
- Cándido Vilaboa Figueroa, representante da comunidade de montes
- Edesio Crespo Loureiro, representante da comisión de festas
- Manuel Carballido Castro, representante das asociacións de veciños
- Alfredo Davila Álvarez, representante das entidades deportivas
- Francisco Ricón González, representante das comunidades de augas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Arturo González Barbeiro, asistidos por mín, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Vilar de Infesta convocada para o día de hoxe.

1.- Aprobación da Acta anterior.

Sométese á aprobación a acta da xuntanza anterior celebrada o 15 de outubro de 2015. Cándido Vilaboa Figueroa fai a seguinte rectificación:

Onde di: Cándido Vilaboa responden que falta alumeado nalgunhas partes, sinalización dos camiños, e pasos de peóns, e en canto o saneamento falla o do Pedro o Morto que vaise a prolongar ata Cabeiro pero que non hai presuposto actualmente.



Debe dicir: Cándido Vilaboa responde que falta alumeado nalgunhas partes, sinalización dos camiños, e pasos de peóns, e en canto o saneamento haberá que rematar o de Pedro o Morto e hai que facer o de Portocabeiro, camiño do Escribano e Tombo de Miguel.

Alfredo Davila Álvarez fai a seguinte rectificación:

Onde di: Alfredo Davila comenta que no último consello parroquial se chegara o acordo de arranxar un muro en Pedro o morto que caíu coma consecuencia dunha bolsa de auga pero que non sabe si xa se fixo o proxecto.

Debe dicir: Alfredo Davila comenta que se fixo un muro en Pedro o Morto que habería que finalizar para ensnchar o camiño.

Feitas estas rectificacións a acta queda aprobada pola maioría das/os membros asistentes coas abstencións de Manuel Carballido Castro e Francisco Ricón González por non teren asistido á devandita xuntanza.

2 .- Actuacións na parroquia.

O Presidente informa que, por erro, non trouxo o documento no que se indican as actuacións que se fixeron dende o último consello parroquial e que o enviará ao correo electrónico de todas/os membros. Ás/aos membros que non teñan correo electrónico se lles remitirá por correo ordinario.

3 .- Modificación do regulamento dos consellos parroquiais.

O Presidente di que xa houbo unha xuntanza na Casa da Cultura para explicar a modificación do regulamento. O novo texto farase coas aportacións de todos os consellos parroquiais. Un aspecto a tratar é a designación da persoa que exerza as funcións de secretaria/o do consello parroquial, xa que neste momento hai problemas porque se sobrecarga ás/aos funcionarias/os. Para tratar todos os temas cada consello debe nomear unha persoa representante.

Manuel Davila García pregunta quen sería a persoa que levaría a acta. O Presidente explica que sería unha persoa do consello parroquial e que aínda están sen establecer os criterios para a súa elección, pero que as actas serían moi sinxelas se recollerían só os acordos.

As/os membros do consello parroquial acordan por unanimidade nomear a Edesio Crespo Loureiro e a Alfredo Davila Álvarez como suplente.

4 .- Proxecto de compostaxe.

O Presidente informa que se recorreron todos os centros culturais con charlas para explicar o proxecto e tivo moi pouca afluencia de persoas. Non se sabe se é porque se



publicitou pouco, polo que necesita a colaboración coas entidades veciñais para potenciar as xuntanzas e sensibilizar sobre o tema, porque máis pronto que tarde haberá un problema. Duns anos a esta parte estase a incrementar o desequilibrio entre os ingresos (recadación taxa do lixo) e os gastos que é a facturación de SOGAMA.

Os gastos que máis se incrementan son os correspondentes á lixo orgánico, polo que se conseguimos baixar este tipo de lixo, poderíanse baixar os gastos. A facturación de SOGAMA dependen do peso e se no lixo orgánico se quitan as ramas, restos de poda, etc., poderíase baixar ese peso, para iso se necesita que se desenvolva o proxecto de compostaxe tanto na súa forma individual como xeral nas parroquias.

Francisco Ricón González di que na recollida do lixo detectou que na parroquia de Vilar cando veñen a limpar contedores, a persoa da empresa URBASER non baixa do vehículo e non fai a limpeza.

O Presidente di que cando se dea esa situación se chame á policía local. Que a responsabilidade non é do Concello nin tan siquera de URBASER, xa que a empresa ten unha forma de controlar á súa plantilla mediante GPS, pero o que non pode saber é se a persoa fai ou non o traballo. Aínda que se fan controis aleatorios, non se controlan todos os conteodres.

Francisco Ricón González di que hai luces na parroquia que están encendidas de día e apagadas de noite, que tivo que chamar para que o arranxaran.

O Presidente di que debe ser que o reloxo se desprogramou.

Manuel Carballido Castro di que para tratar o tema da compostaxe habería que buscar un día que fora bo para dar a charla no Centro Cultural.

Cándido Vilaboa Figueroa di que se podería sacar un bando dende a Alcaldía e prohibir botar os restos de poda e das fincas no contedor orgánico.

Edesio Crespo Loureiro di que o que habería que poñer é un punto limpo no Concello. Que nesta parroquia hai terreno, pero montes dixo que non cedía terreno para isto. Non se pode prohibir botar os restos de poda porque non se lle da ningunha alternativa á xente, tendo ademais en conta que a recollida en Vilar é dúas veces á semana. Asemade a empresa retira contedores e non os repón, como por exemplo o da fonte.

Cándido Vilaboa Figueroa di que éste se quitou porque viñan persoas doutros municipios, como Vigo e facían da zona un vertedoiro.

Edesio Crespo Loureiro di que na parroquia de Vilar habería que poñer dous contedores para restos de poda porque a parroquia está dividida.

O Presidente informa que non hai un número adxudicado de contedores por parroquia, iranse colocando de acordo coas necesidades.



Xavier Balsas Barbeira di que o este programa chámase proxecto de compostaxe porque é así como o denominou a Deputación. URBASER ten dividido o Concello por zonas, dependendo destas a recollida pode ser diaria ou alterna. Nesta última o servizo se prestaría día si e outro non, se a periodicidade é menor haberá que consultar o contrato e esixirlle á empresa que o cumpla.

O Presidente di que comprobará a periodicidade que marca o contrato con URBASER. O punto limpo e a compostaxe non son excluíntes poderían porse en marcha as dúas, xa que a compostaxe está orientada a residuos orgánicos e para ser tratada por particulares. O punto limpo está regulado normativamente debería estar ubicado nun polígono industrial e recolle todo tipo de residuos. Neste momento para o depósito de voluminosos cóntase coa empresa URBASER, que previa chamada telefónica indica un lugar e un día para a recollida.

No PXOM haberá que dotar un terro para un punto limpo. Antes se pensaba no terreo próximo ao cemiterio, pero por cuestións urbanísticas non se pode facer alí.

Manuel Davila García pregunta se no punto limpo a recollida é diaria.

O Presidente di que a recollida é periódica dependendo de varios parámetros.

Edesio Crespo Loureiro di que como máximo é cada seis meses.

Francisco Ricón González di que se o Concello entrega unha composteira para cada vivenda non debería haber problema.

O Presidente di que necesita da colaboración das asociacións de veciños para a difusión e a concienciación da veciñanza.

Rubén Costas Fernández di que a difusión a ten que facer o Concello na prensa, etc.

O Presidente di que para a sensibilización se necesita a cooperación das asociacións da parroquia.

5.- Nomeamento representante da parroquia para PXOM.

O Presidente di que é necesaria a implicación da parroquia na elaboración do PXOM.

Edesio Crespo Loureiro pregunta se se van a facer os dez obradoiros, xa que ata o de agora só se fixeron dous.

Cándido Vilaboa Figueroa di que si e que se necesitan dous representantes da parroquia para facer de enlace entre a parroquia e os redactores do proxecto.

O Presidente di que deberán ser veciñas/os que coñezan ben a parroquia, xa que ás veces poden xurdir dúbidas cos lindes.



O Consello Parroquial de Vilar de Infesta propón, por unanimidade das/os membros presentes, como enlaces para a redacción do PXOM a Cándido Vilaboa Figueroa e Manuel Davila García.

6.- Varios.

Alfredo Davila Álvarez quería propoñer que nas bases das subvencións para entidades deportivas se suprimira a obrigación de que a metade das fichas sexan de persoas de Redondela. Se o Concello é tan exquisito para unhas cousas terá que selo para todo, xa que no entroido danse premios en metálico e de todas as comparsas só unha era de Redondela. Ben é certo que o Concello axudou a poñer postes no campo de fútbol, pero agora faltan farolas e crucetas para poder poñer máis focos, polo que solicita a colaboración do Concello en medios humanos e materiais.

Manuel Carballido Castro di que nesas pequenas cousas é normal que o Concello colabore e que Vilar no tema deportivo é tratada como parroquia de cuarta categoría.

Francisco Ricón González solicita que o Concello cambie de ubicación dous focos no centro cultural, porque onde están agora non dan servizo.

O Presidente di que trasladará a petición ao concelleiro de deportes, Julio, pero que as bases as cambian entre todos os partidos políticos.

Manuel Davila Álvarez informa que na punta do aeroporto antes había unha engranaxe e agota atascouse todo.

O Presidente di que se lle enviará un requerimento ao aeroporto para que supervise e limpe todos os drenaxes.

Manuel Davila Álvarez di que hai unha obra en Millarada na que se fixeron unhas cunetas moi anchas e non facía falta facelas tan anchas porque agora a xente vai pola estrada. Asemade os tubos que van por abaixo atravesan a estrada, encalla a auga e están a desfacer a senda da auga e mailos camiños.

Edesio Crespo Loureiro di que avería que aproveitar a visita de Ana Pastor pola declaración de zona catastrófica para que se comprometera a arranxar moitas rebouzas que van vir abaixo e que non se centre só en San Esteban de Negros.

O Presidente informa que non se declarou zona catastrófica, xa que para iso hai uns indicadores e Redondela non chegou. O que si vai facer é moitos arranxos de urxencia.

Cándido Vilaboa Figueroa di que cando se traten cuestións así se pode dirixir un a Fomento para solicitar o mantemento das estradas.

Edesio Crespo Loureiro di que a resposta sempre é que se dirixa a/o particular a Fomento. O Concello é o que ten que trasladar as peticións da cidadanía, que para iso é o seu representante.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente informa que o Concello xa mandou unha reportaxe gráfica feita polo GRUMIR dos puntos deficitarios da N555 e que as rebouzas que están en peor estado son as dos particulares.

José Carlos García Taibo di que no camiño da Misa se meteron tubos pero se necesitaban máis e quere saber se se vai facer.

Cándido Vilaboa Figueroa di que xa se foi a mirar.

José Carlos García Taibo informa que diante de Xealco hai un tubo que rompeu.

Edesio Crespo Loureiro di que no camiño de Pica Morena un tubo rompeu e verte fecais. Puxéronse uns uns parches, pero segue vertendo. Habería que escarvar e reparar porque as fecais seguen indo polos regos de pluais e de regadío. Quería saber se ao Concello lle sobra un brazo e un poste para poñer no camiño que non ten saída na de Pedro Morto.

Manuel Davila García pregunta para cando se lle vai a dar saída ao Camiño da Cabadiña.

Cándido Vilaboa Figueroa informa que xa ten o aviso a concelleira María Xosé.

E, non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia levantase a sesión, sendo ás vinte e unha horas e cincuenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende na presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.